cg
número 36
primavera 2020
segunda época

CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

Galicia na emerxencia sanitaria

Especial COVID-19

INFORME ECONÓMICO
O que pode vir logo do coronavirus

INICIATIVAS LOCAIS
A xestión da auga exemplar de Tomiño
Youtbeir@s fomentan a marca Galicia na rede

ACTUALIDADE
A velutina segue aí, plan de actuación
Unha Axenda Social aínda máis necesaria

FALADOIRO
Pechadas cos seus maltratadores pouco despois do 8-M

Imaxe de Portada: Vigo, Pontevdra

ACTIVIDADE / FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN / AXUDAS E SUBVENCIÓNS...

CONCELLOS GALEGOS
Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias
inverno 2020 - número 36

Coordinación e redacción
Paula Filgueiras Búa
Responsable de Comunicación da Fegamp

Redacción
Raúl Fernández
Coordinador da Fegamp
Lucía González
Técnica da Fegamp
Andrés Núñez
Técnico da Fegamp

Colaboración
Carmen Novas
Responsable de Comunicación do Fondo Galego
César López Arribas
Secretario Xeral do Concello de Lalín
Luisa Feijóo
Cuarta tenente e resposable de Igualdade Concello de Ames
Amalia Goldar
Concelleira Benestar Social e Igualdade Concello da Estrada
Maica Ures
Concelleira Igualdade e Benestar Concello de Carballo

Información de publicidade
Tlfo: 981 062 476

Diseño e Maquetación
Rubine Red Comunicación
www.rubine.es

Fotografías e ilustración
Miguel Muñiz

Depósito legal: C-2775-05 ISSN 1885-5482

sumario

03* **Carta do Presidente**
Adiante a pesar da pandemia

04* **Informe económico**
Análise dos efectos do COVID-19

10* **Asemblea Xeral Fegamp**
As liñas futuras

12* **O Faladoiro**
Do grito pola igualdade ao confinamento cos Maltratadores

17* **Reportaxe**
Coxapo: un modelo na xestión da auga

24* **Fondo Galego de Cooperación**
Renova Comisión Executiva

25* **Ao compás**
Chegoy a primaveira, un poema ao amor

CONCELLOS GALEGOS

AVISO IMPORTANTE

En virtude da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19,

ESTABLÉCESE A INTERRUPCIÓN DE PRAZOS PARA A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DAS ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO.

REMITIMOS Á NOSA PÁXINA WEB (www.fegamp.gal) PARA CONSULTAR OS POSIBLES CAMBIOS QUE POIDAN SUFRIR AS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIÓNS E AXUDAS, dos que se informará a medida que se publiquen nos diarios oficiais.

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

Carta do presidente

O meu primeiro saúdo dende a revista *Concellos Galegos* abre o que sen dúbida é un número que non esqueceremos. O feito de parar máquinas e que o recibades en formato electrónico é anecdótico fronte á situación que estamos vivindo. Topámonos nun episodio da nosa historia que hai tres semanas cadraríamos na ciencia ficción: un virus pechou as persoas en casa e paralizou a actividade empresarial e o tecido produtivo do país. Paradoxicamente, lonxe desta hibernación, as entidades locais tivemos que reaccionar para manter os servizos aos nosos veciños e veciñas, en medio da loita contra o COVID-19 e da inexperiencia ante un problema de tal complexidade e dimensión. E unha vez máis a municipalidade da a talla.

Todos levamos semanas pendentes da curva epidemiolóxica, pendentes de chegar ao famoso pico e comezar a tendencia á baixa. Nesas, hai que botar o ollo a outra liña: a económica que, é un feito, arranca con desemprego e perdas económicas inda por ver. Na xestión de hoxe temos que ter en conta que mañá, ademais de asumir a perda de persoas haberá que reconstruír o día a día, e os primeiros números coñecidos, os do desemprego, fannos unha idea dos esforzos que teremos que poñerlle... Aproveitamos este *Concellos Galegos* para por en común unha primeira abordaxe desa remontada de mañá, tentando ver a súa pendente económica.

Desexando estamos que esta paréntese infecciosa fique atrás e poder seguir cos obxectivos e a folla de ruta que o municipalismo acordou na X Asemblea Xeral da Fegamp, especialmente no que á definición de competencias, ou mellor dito, falta de definición de competencias locais se refire. Mellorar o financiamento, a organización das administracións e os retos a enfrontar pola transformación dixital da administración e da sociedade en xeral son outros obxectivos con liñas de actuación acordadas nesa Asemblea Xeral. Pouco a pouco os titulares do coronavirus serán substituídos por outras cuestións que seguen aí e que teremos que retomar.

Mentres tanto, na Fegamp traballamos tamén arreo para axudarvos na loita contra o coronavirus; coordinando as accións municipais coas outras administracións, dando voz ás necesidades e preocupacións das entidades locais e por suposto, buscando respostas e solucións dende as nosas competencias para as consultas que nos formulades. Aquí nos tedes.

Alberto Varela
Presidente da Fegamp e Alcalde de Vilagarcía de Arousa

COVID-19: O contaxio da economía

En dúas semanas, a crise sanitaria botou por terra a ocupación laboral creada en dous anos: 800.000 persoas menos cotizando á Seguridade Social, o que fai que o total de parados en España suba a 3,5 millóns. En Galicia, perderon o emprego máis de 8.000 persoas. O coronavirus deixa tamén ao seu rastro máis de 2 millóns de traballadores de todo o país afectados por expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) que, se ben non deixaron de cotizar, si viron diminuídos os seus ingresos arredor dun 30%. A pegada do COVID-19 na viabilidade das empresas... inda é unha incógnita.

Cumpría conter a expansión do coronavirus para evitar o colapso sanitario, e a solución para evitar o contaxio era evitar o contacto... O tecido produtivo español xerou case por completo, agás nos sectores esenciais e aqueles nos que é posible o teletraballo. Os datos do panorama laboral xerado ata agora teñen unha tradución en termos de soporte das institucións, e máis directamente, das institucións locais, que temos que saír ao paso ás novas necesidades xurdidas entre os nosos veciños e veciñas. Necesidades inesperadas e urxentes que hai que atender neste intre sen descoidar as xa existentes.

Con esa finalidade, o Goberno do estado abriu a man aos concellos sobre o excedente do 2019, permitindo despois de ter pagado a provedores e, amortizado débeda, empregar ata o 20% do restante (artigo 20 do RD-lei 11/2020 do 31 de marzo). Non é a única medida para pagar unhas facturas da crise sanitaria que están a chegar e xerar, como o propio real decreto sinala, "unha tensión se precedentes nos Orzamentos Xerais do Estado, dando lugar á necesidade de atender gastos imprescindibles, imprevisibles e de contía importante que non teñen cabida nun presuposto prorrogado dende 2018". Nese mesmo decreto o Goberno do Estado resérvase o dereito de botar man "das dispoñibilidades líquidas dos organismos autónomos e outras entidades integrantes do sector público estatal". Porén, a vicepresidenta terceira e ministra de Asuntos Económicos e para a Transformación Dixital, Nadia Calviño, indicou que o Goberno non pode suprimir a recadación de taxas como o IRPF xa que hai que cubrir os gastos públicos. En resumo, estamos nun escenario descoñecido e cambiante, o que obriga a reaccionar e actuar sen moita certeza do que virá.

Estimacións económicas

Valorar os efectos desta crise no financiamento de cada administración faise neste intre un pouco complexo, dado que temos demasiadas variables sen resolver. É unha crise totalmente diferente ás acontecidas durante os distintos períodos estudados de anos anteriores, dada a súa natureza mundial e progresiva (afecta aos distintos países en diferentes períodos de tempo). Doutra parte, estamos neste intre en medio dun confinamento do que non sabemos a duración que vai ter, como se realizará a apertura (entendemos que será paulatina) nin coñecemos como reaccionarán os cidadáns posteriormente á crise en canto a pautas de consumo e inversión.

Dende o punto de vista dos ingresos locais, o mellor termómetro para saber as consecuencias que vai ter sobre o ano 2020 e posteriores é a Participación nos Ingresos do Estado (PIE), dado que as variables que se utilizan para a súa determinación tamén afectarán posteriormente ao que se perciba en concepto de fondos autonómicos (tanto FCL como as demais transferencias).

Para poder facer unha cuantificación da PIE durante o ano 2020, estamos elaborando un modelo de cálculo basado nun observatorio da evolución mensual dos impostos que determinan os ITE anuais (ingresos tributarios do Estado) que determinan o IE (índice de evolución polo que crece a participación das entidades locais). Hai que ter en conta que as entregas a conta para o ano 2020 están prorrogadas, e que nalgún momento do ano serán recalculadas, polo que cada uno dos anos previos serve como modelo do escenario no que nos movemos e axuda a estimar a perda que podería ter cada concello nese recálculo.

Metodoloxía da estimación

A cantidade do ano 2020 de cada concello variará en función da extrapolación anual do ITE en base aos resultados mensuais. Nunhas estimacións iniciais, só a PIE podería descender entre un 20 e un 30%, o que suporía uns 150 millóns menos de ingresos para os concellos galegos. Previsiblemente, a tendencia poderá ser xa valorada dun xeito máis concreto nos vindeiros meses, en especial abril e xullo (onde veremos con exactitude o comportamento do IVE) e neste mesmo mes de xullo o IRPF (con ingresos derivados do ano anterior, o que pode mitigar dalgún xeito a caída anual).

O cálculo realizarase para todas as entidades locais galegas (para este artigo, no caso dos concellos menores de 50.000 habitantes os concellos seleccionados son a modo de exemplo). O modelo de cálculo determinarase en catro niveis para que sexa máis comprensible:

NIVEL 1: Determinación mensual de evolución do ITE e comparativa con anos previos dende o ano 2008.
NIVEL 2. Extrapolación á participación nos ingresos dos concellos a nivel estatal.
NIVEL 3: Extrapolación da participación nos ingresos dos concellos a nivel galego (concellos e deputacións provinciais).
NIVEL 4: Exemplos de deputacións e concellos galegos concretos e representativos de cada grupo de poboación.

Dende o punto de vista local, a óptima xestión que se produciu nos últimos anos traducida en superávits recorrentes (no ano 2019 superáronse os 3.000 millóns de euros a nivel estatal) permite que cos seus propios recursos se poidan dalgún xeito mitigar os efectos que se producirán nos vindeiros anos por esta crise. Por elo, sería necesario que eses remanentes xerados polas entidades locais poidan agora cubrir a ausencia de recursos noutras partidas orzamentarias dos concellos e deputacións.

Andrés Núñez
Técnico da Fegamp

1- Observatorio mensual da evoluci ITE (IRPF,IVE e IIEE)

EVOLUCIÓN MENSUAL 2008-2020 DOS IMPOSTOS ESTATAIS QUE DETERMINAN O ITE (Xaneiro-Decembro)



As liñas representan para cada uno dos anos estudados a evolución dos impostos que determinan o Índice de Evolución da participación das entidades locais (posteriormente habería que axustar restando a cesión correspondente ás CCAA para calcular o ITE definitivo). Ata febreiro, o 2020 estaba sendo o mellor ano dos analizados a nivel recadatorio, panorama que previsiblemente cambiará nos vindeiros tres meses.

2- Estimación do ITE anual continuo en base aos resultados mensuais





Como podemos observar, a diversidade de situacións acontecidas dende o ano 2008, permítenos dispor en cada momento de diversos modelos nos que reflexarnos tendo como base o ano 2009 (a peor referencia).

3- Determinación da participación total no ano 2020 das entidades locais galegas:

a. Concellos integrados no modelo de cesión (Vigo, A Coruña, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Pontevedra)
b. Concellos integrados no modelo de variables (Menores de 75.000 habitantes)
c. Deputacións Provinciais



***O período 2008-2017 son participacións definitivas, 2018 e 2019 entregas a conta pendentes de determinación da participación definitiva e 2020 son as entregas a conta prorrogadas que variarán en función da evolución do ITE.**

4- Estimación individualizada por corporacións locais

DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS



CONCELLOS DE MÁIS DE 75.000 HABITANTES



EXEMPLO CONCELLOS ENTRE 20.000-75.000 HABITANTES



EXEMPLO CONCELLOS ENTRE 5.000-20.000 HABITANTES



EXEMPLO CONCELLOS MENORES DE 5.000 HABITANTES



O convenio para combater á Velutina prevé a retirada do niño aos 5 días do aviso

Unha vez restituídos os procedementos e prazos administrativos xeados pola situación de emerxencia, a Fegamp formará parte da comisión mixta de seguimento que estudiará o desenvolvemento, resultados e cumprimento do convenio que coordina as accións fronte á especie invasiva.

O convenio entre a Fegamp e Xunta recolle as condicións para executar de forma coordinada o programa galego de vixilancia e control da avespa asiática, establecendo os mecanismos adecuados para unha maior coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información. Os avisos realízanse a través do 012 e do 112. O equipo de intervención contratado con Seaga, conta con 76 profesionais distribuídos en cinco centros (Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) e catro persoas de coordinación.

Segundo o acordo, a eliminación/neutralización de niños debe facerse nun máximo de 5 días laborais dende o aviso sempre e cando o niño estea a menos de 25 metros do solo. Neste prazo non contabilizarán cuestións como as dificultades para contactar coa persoa comunicante, a dificultade para concretar unha data de retirada ou calquera outra circunstancia que entorpeza os labores concretos de retirada dos niños tales como:

- espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión
- zonas próximas a tendidos eléctricos
- niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias
- lugares nos que sexa preciso realizar unha rozada ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

Os concellos asinantes comprométense a colaborar na retirada de niños a requirimento da Xunta. Respecto aos niños inactivos que non se retiren, co fin de evitar réplicas de avisos, quedarán sinalados. Tanto as actuacións como a xestión de todo o plan deberá poderse consultar no portal de internet "Eido local". Como membro da comisión mixta de seguimento, a Fegamp estudiará o desenvolvemento, resultados e cumprimento do convenio, poñendo especial atención ás casuísticas de retirada requiridas pola Xunta. O devandito seguimento comprenderá tamén a observación da implantación, da coordinación, a solución de controversias e a suxestión de propostas, normas e protocolos.

Axenda Social de Galicia 2020-2023

O Terceiro Sector fainos chegar un pedimento prioritario: como "liña directa" coas outras Administracións, os concellos temos que topar formas de axilizar os procedementos.

A crise sanitaria que estamos vivindo agudizará a necesidade de avanzar neste eido. En xaneiro tivo lugar unha reunión preparatoria dos traballos para a elaboración da Axenda Social de Galicia para os próximos 3 anos, un documento que ha de recoller actuacións que contribúan a reducir as situacións de vulnerabilidade e os factores que as xeran, así como propostas para a mellora interadministrativa neste eido.

Coa experiencia acumulada coa aplicación das medidas da Axenda Social 2016-2019, a Fegamp comezará a avaliar o seu desenvolvemento e a facer xuntanzas técnicas coas entidades do terceiro sector para debater melloras na xestión administrativa e a colaboración entre entidades para unha mellor xestión dos recursos humanos e orzamentarios dispoñibles nas entidades locais. A crise sanitaria está a ampliar o cadro de vulnerabilidades, con necesidades algunhas urxentes e circunstanciais, mais outras que restarán e precisarán intervención a longo prazo.

A proposta de medidas para a nova Axenda deberá, por forza, contemplar o novo escenario para ser o máis acaída posible á situación dos cidadáns e mellorar a aplicación das políticas sociais no ámbito local, reforzando a coordinación intra e interadministrativa nos distintos eidos da administración pública, e potenciando a prestación de servizos dunha forma integrada e transversal.

As trampas non forman parte da intervención, non obstante Medio Rural está a prover ós apicultores. Neste momento que están empezando a florear as froiteiras e as temperaturas diúrnas son cálidas aconséllase colocar trampas para mitigar a expansión.

O programa está dotado dunha inversión de 2,3 millóns de euros dos que dúas terceiras partes (1,5 millóns de euros) proveñen do Fondo de Cooperación Local e os 800.000 euros restantes de fondos propios da Xunta. No momento da sinatura tiñan mostrado interese 275 concellos que dispoñan dun mes para ratificalo. A adhesión o convenio está aberta namentres estea en vigor até o 15 de decembro de 2020.



CONSTRUCIÓN DE TRAMPAS ARTESANAIS PARA CAPTURA DE VESPA VELUTINA

1 / As trampas constrúense empregando botellas de plástico de 1,5 ou 2 litros. Nos laterais realízanse buratos pequenos de 5 mm de diámetro para que poidan saír insectos distintos da avespa. No tapón realízase un burato de 7 mm para que poida entrar a avespa.

2 / Córtase a parte superior da botella.

3 / Bótase unha mestura de **atraente*** na botella que será renovado cada 7-15 días. Tamén existen varios produtos comerciais específicos no mercado. Algúns inclúen repelentes para abellas, resultando así máis selectivas.

4 / Colócase a parte cortada cara abaixo, a xeito de embude.

5 / Pásase un arame, que pode servir ademais para suxeitar unha cuberta ou tapa da trampa (impedindo que entre auga de choiva) e para colgala. A trampa debe colocarse a unha altura de 1,5 metros aproximadamente.

6 / A avespa vese atraída polo líquido e entra na botella.

7 / As avespas quedan atrapadas no interior da botella, incapaces de saír, ata morrer.

8 / É conveniente engadir un pequeno peso no fondo da trampa para darlle estabilidade fronte ao vento.





Fonte: Xunta de Galicia



A Fegamp forma parte do Observatorio da Familia e a Infancia determinante no deseño das futuras políticas

O Observatorio da Familia e a Infancia permitirá facer unha radiografía da realidade das familias galegas e dos pequenos para acadarlles máis benestar.

O mércores 26 de febreiro constituíuse o Observatorio Galego da Familia e a Infancia, un organismo colexiado de carácter participativo, co obxectivo de estudar, asesorar e propoñer actuacións neste eido. O acto celebrouse en Santiago de Compostela e estivo presidido pola titular de Política Social, Fabiola García, quen enmarcou este observatorio no cumprimento da Lei de apoio á familia e convivencia de Galicia e da Estratexia galega de infancia e adolescencia. Na conta atrás das eleccións, a Xunta compre o compromiso da creación deste órgano, no que amén da administración autonómica haberá representantes da Fegamp, do Instituto Galego de Estatística (IGE), a Delegación do Goberno en Galicia, a tres universidades galegas, a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, os sindicatos, a Confederación de Empresarios de Galicia e a Plataforma de Organizaciones de la Infancia de Galicia.

X Asemblea Xeral da Fegamp

O acto da transición de mandatos é unha intensa xornada de balances, obxectivos e decisións, pero tamén é a imaxe dun municipalismo galego forte e teimudo, unha foto de unidade na que baixo as siglas da Fegamp todas as administracións locais da comunidade sen excepción algunha, lanzan unha mensaxe unánime. E á fronte deste colectivo no novo período está Alberto Varela.

O máximo órgano de goberno da Fegamp reuniuse o 29 de novembro no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (Santiago de Compostela) e contou coa presenza do Presidente da Xunta Alberto Núnez Feijóo, o vicepresidente e conselleiro de Administracións Públicas Alfonso Rueda, a Directora Xeral de Administración Local Marta Fernández-Tapias e o Alcalde de Santiago de Compostela Xosé Sánchez Bugallo entre outros.

Nesta Asemblea sobrevoou unha palabra: valor. A Declaración Institucional adicouse a reivindicar o recoñecemento do VALOR DO PODER LOCAL como primeira liña nas demandas e na procura de solucións, como institución que máis credibilidade e estabilidade está a aportar á sociedade, cunha xestión cumpridora do obxectivo de déficit e estabilidade orzamentaria, e cunha débeda por debaixo dos 100 euros por habitante (o valor máis baixo do Estado). Reivindicouse o valor dos concellos e deputacións como garantes da prestación dos servizos ás persoas, como axentes contra o despoboamento, como defensores do medio ambiente, a cultura, o patrimonio, o comercio... argumentos dabondo e de peso para reivindicar o recoñecemento do poder local como administración clave na recuperación económica do país que, sendo solvente, paradoxalmente non pode gastar o seus recursos na veciñanza por restricións da normativa. Unha Declaración na que os membros da Federación Galega de Municipios e Provincias veñen a reafirmarse no propósito de facer fronte común na defensa da xestión local e o seu VALOR.

A Declaración quedou aprobada por aclamación.

Máis méritos, pero neste caso da propia Fegamp, centraron o discurso do presidente saínte Alfredo García. O percorrido polos logros acadados durante o seu mandato apuntalou a relevancia da institución no progreso dos concellos galegos e do municipalismo a nivel estatal, como aconteceu coa reclamación do céntimo sanitario, impulsada pola Fegamp. Outros grandes fitos conseguidos nos seus catro anos de mandato foron a formación da Comisión de Análise de Facendas Locais, a mantenza do Fondo de Cooperación Local (FCL) e o aumento do Fondo Adicional, a inclusión de criterios de dispersión e envellecemento para concellos menores de 15.000 habitantes, o convenio dos GES, o sistema público de xestión da biomasa, a centralización da selección de policías locais ou a campaña #PoloBoTrato, entre outros.

A Asemblea aprobou tres follas de ruta cos obxectivos prioritarios do período 2019-2023 e que serán cruciais no desempeño presente e futuro da administración local: un relatorio sobre financiamento, competencias e servizos, outro sobre autonomía e organización administrativa e un terceiro sobre transformación dixital no poder local.

Trala votación asemblearia, Alberto Varela Paz, quedou investido presidente co apoio de 1.560 votos positivos, 20 negativos e 20 abstencións, e quedaron conformados os novos órganos de goberno.

RELATORIOS APROBADOS NA X ASAMBLEA XERAL DA FEGAMP*

1 FINANCIAMENTO, COMPETENCIAS E SERVIZOS que contén 50 resolucións sobre:

- **Tributación:** Medidas de axustes técnicos tributarios para dotar dunha maior concreción ao actual marco e unha maior autonomía de xestión aos concellos.
- **Participación nos Ingresos do Estado:** 15 anos cun mesmo modelo crea ineficiencias; compre reformular o marco actual de financiamento que permita claridade e neutralidade, introducindo criterios que dean resposta ás necesidades dos concellos: envellecemento e dispersión poboacional.
- **FCL e axudas e subvencións da Xunta de Galicia:** é preciso un incremento das partidas non finalistas para adaptar o financiamento municipal ás diferentes necesidades de cada concello, e medidas para incentivar o equilibrio territorial e financeiro das entidades locais.
- **Gasto e xestión municipal:** atendendo ao cumprimento das normas e aos resultados acadados que acreditan a responsabilidade das entidades locais galegas (superávit, débeda...) solicítase a reformulación das regras fiscais, que deberían tomar en consideración as distintas situacións en que se poden atopar as entidades locais.
- **Competencias e servizos:** para prestar servizos coa maior eficiencia e eficacia é necesario que as competencias que teña cada administración sexan plenas e completas. Hai que adoptar medidas que melloren a calidade dos servizos de competencia local.

2 AUTONOMÍA E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA E TERRITORIAL
(24 resolucións)

- **Autonomía e competencias:** hai que revisar a Lei de Administración Local de Galicia e desenrolar una normativa das competencias propias das entidades locais, aprobar a lei que regule o réxime xurídico dos municipios (turísticos, industriais, pesqueiros...) e a Lei galega de Facendas Locais. As competencias deberíanse consensuar coas entidades locais e deben contar coa debida financiación para prestar uns servizos públicos de calidade.
- **Organización:** é necesario impulsar a colaboración entre administracións locais cunha estratexia xeral de xestión integrada e a aprobación dunha Lei de Cooperación Local de Galicia, reforzar as cabeceiras comarcais e dinamizar a economía do rural. A ineludible abordaxe do reto demográfico deberá contar coa participación activa da administración local.

3 TRANSFORMACIÓN DIXITAL NO PODER LOCAL
(29 resolucións)

A sociedade enfronta un cambio determinante da man da tecnoloxía, con procesos acelerados de xeito radical. Quizais o tema máis preocupante é a transformación dixital. A Administración local deberá tutelar a adaptación tanto no seu seo, como nos modelos de negocio, o emprego e a vida das persoas. Haberá que fomentar e concienciar sobre a ciberseguridade e garantir a conectividade para non agravar a exclusión do rural, aproveitando a tecnoloxía para facer as cidades e pobos máis sostibles, e fomentando a participación da cidadanía a través dos novos recursos.

* Os tres relatorios están dispoñibles na web da Fegamp *(http://www.fegamp.gal/content/programa-2019-2023)*.

12.

ESPECIAL 8M

Confinadas co seu maltratador

Temor. A primeira gran pandemia do século XXI despregou un sentimento de inseguridade e medo na sociedade. Nin a condición humana nin a súa fraxilidade mutaron de súpeto, porén, aínda que invisible, o coronavirus ou COVID-19 fixo tomar conciencia do que é vivir baixo ameaza vital.

Así viven moitas mulleres, en Galicia e en todo o mundo. O seu día a día transcorre baixo a sombra doutra enfermidade, a do machismo. Esta crise para elas é un dobre lastre cando non directamente unha auténtica soga. Elas tamén sofren estes días de precaucións, incerteza, encerro... pero non coma todos, non; elas son o branco no que as súas parellas envorcan da peor maneira os seus enfados, frustracións, angustias e calquera outro malestar. E as casas nas que todos ficamos para protexernos do coronavirus e axudar a conter a súa expansión, son para elas calexóns sen saída nos que nin mascarillas nin outras proteccións serven de nada.

O 31 de marzo o Goberno do Estado sacou o Real Decreto-lei 12/2020 de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas da violencia de xénero para garantir os servizos de asistencia e protección. Pero os esforzos topan cos muros das casas nos que as vítimas restan confinadas. Difícil pedir auxilio ao 016 co brazo do teu maltratador no mesmo sofá... Estratexias como a alerta nas farmacias para que as mulleres poidan lanzar un S.O.S. pedindo "mascarillas 19" tentan romper o hermetismo, pero non podemos enganarnos; ao machismo hai que tratalo como ao coronavirus: require a concienciación e unión de toda a sociedade para illalo e batelo ata erradicalo. E para iso a sociedade ten que ter clara esta verdade: que homes e mulleres somos iguais.

Apenas hai un mes que estabamos a clamar por iso nas rúas. No 8M celébranse os logros sociais, económicos, culturais e políticos acadados polas mulleres, pero tamén é un recordatorio do que queda por facer e un chamamento á participación para acelerar a chegada real da igualdade total. Un chamamento tamén aos concellos... Porque o cambio é imparable e estase a producir, pero inda que real, é lento. E nese proceso as entidades locais temos a responsabilidade e o poder de axudar a que a sociedade percorra máis rápido o camiño á igualdade.

Os teitos de cristal existen, as diferencias laborais e salariais son feitos, e a muller está ausente de moitos foros porque non se procura –cando non se evita– a súa presenza sendo desprazada unha e outra vez cando a sociedade o que necesita é escoitar o seu parecer. É dicir, estase a discriminar e acalar á metade da poboación. A promoción da igualdade entre homes e mulleres non é só cuestión de xustiza: é enriquecer á sociedade. E nesta misión de dar á muller o seu espazo nas mesmas condicións que o home, os gobernos locais temos un papel particularmente decisivo por ser os máis próximos á cidadanía. É fundamental que traballemos a educación e a concienciación á cidadanía lexislando con perspectiva de xénero.

O apoio da Fegamp á igualdade é incondicional e constante, e como xa fixeramos coa campaña #PoloBoTrato, facemos un chamamento a todas as institucións locais para traballar co obxectivo de promover a igualdade real entre homes e mulleres, comprometéndose co decálogo de boas prácticas:

1. Empregar linguaxe libre de connotacións sexistas.
2. Integrar a perspectiva de xénero nas nosas decisións.
3. Difundir unha imaxe non sexista da muller.
4. Traballar entre a poboación máis nova a prevención da violencia machista e os valores de igualdade e respecto.
5. Fomentar a corresponsabilidade nas tarefas e a ética, no coidado tanto de menores como de persoas dependentes.
6. Identificar e emendar as deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres.
7. Respectar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal.
8. Promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en tribunais, xurados, comités e comisións.
9. Rexeitar a contratación de actividades nas que se promovan unha imaxe sexista da muller.
10. Prestar especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade.

Non podía ser doutra maneira; este Faladoiro tiña que dar voz á muller. Falan tres persoas que coñecen de preto a discriminación de xénero, primeiro porque o seu traballo é a loita pola igualdade no concello no que traballan, e segundo porque son mulleres. Aquí deixan negro sobre branco as súas mensaxes, reflexións, esixencias... por todas aquelas que queren e por distintos motivos, non poden lanzalo...

Son feminista radical

Por **Luisa Feijóo**

Membro do Observatorio Galego de Violencia de Xénero e da Comisión de Coeducación do Consello Galego das Mulleres (Fegamp). Cuarta tenente e responsable da Promoción da Igualdade no Concello de Ames.

Son feminista radical. Porque sei quen son os meus adversarios políticos, porque busco cambios profundos, porque estou a favor das cotas e das leis de xénero, porque penso que o machismo institucional e laboral non se combate só coa igualdade legal entre homes e mulleres (xa temos recoñecidos os mesmos dereitos na Constitución hai máis de 40 anos), porque estou en contra da prostitución, que non é mais que unha forma de escravitude e mercantilización do corpo da muller e dos ventres de alugueiro, porque a maternidade é un desexo non un dereito e os desexos non se poden regular, porque as mulleres somos persoas.

Son feminista radical porque non acabo de entender as propostas do feminismo liberal. Aparte de confiar na educación inda que sen dicirnos como, caricaturizan á "feminista radical", debúxannos como a unhas hembristas profanadoras de igrexas, locas e semiespidas, ou dicindo "portavozas" sen denunciar o machismo que se esconde detrás de outras palabras como cadela, bruxa, zorra, así como a chea de vocábulos existentes no noso dicionario para xulgar a nosa liberdade sexual.

As mulleres non decidimos ser mulleres, nacemos MULLERES. Case todas as sociedades trataron de dominar o noso corpo, a nosa mente, evitando que ocupáramos en igualdade o sitio que nos corresponde na sociedade co obxectivo de facer desaparecer o que podemos chamar "CASA": o noso brillo, o noso eu mais íntimo, o noso sexo, chegando ao extremo de interiorizar ese rol social de "muller" no que se nos nega a nosa valía relegándonos a un papel secundario e subordinado ao home. O sexo, por moito que lle doia ao patriarcado é innato e non determina os nosos gustos, aspiracións ou metas.

Como dicía Simone de Beauvoir: "O opresor non sería tan forte se non tivese cómplices entre os propios oprimidos". Nos países desenvolvidos non se nos mutila se somos occidentais, nin se nos obriga a contraer matrimonios pactados, sen esquecernos das nenas xitanas que en ocasións son casadas ás costas do Código Civil antes de cumprir os 16 anos e ás que se somete a unha vexatoria proba de virxinidade, pero si se nos segue discriminando polo noso sexo, seguimos sufrindo desigualdades baseadas en roles patriarcais; sufrimos desigualdade na escola, no traballo, no grupo de amigos, na familia, na política...Non é progresista mirar para outro lado.

Ás portas das eleccións autonómicas, despois da épica cuarta onda feminista, na que seis millóns de mulleres secundamos a folga coa que empezaron a tremer os cimentos do patriarcado derrubando os seus arcaicos alicerces construídos de estereotipos, roles de xénero e prexuízos, cando o 82% dos/as españois/as cre que no noso país existe desigualdade entre mulleres e homes con respecto aos seus dereitos sociais, políticos e/ou económicos, seguimos escoitando falar de compromiso feminista, de compromiso cos dereitos das mulleres, encabezando as súas listas, (uns quizás por convicción, outros por imposición e incluso algún porque é o que se leva), pero aínda seguimos sen apenas escoitar as súas voces. E todo iso, estou segura, non será obstáculo para que se debatan ideas e propostas para nós, para as mulleres, pero en voces masculinas. Fálase de vítimas de violencia de xénero, de consentimento sexual, da taxa rosa, dos ventres de alugueiro, mesmo de prostitución, sempre dende o androcentrismo.

Outro logro do feminismo é o de conseguir que os políticos se posicionen ou se aislen, logrando que asuman unha etiqueta, incluso os que máis lonxe se vían do mesmo: feminismo sen adxectivos, feminismo radical, incluso feminismo liberal.

Quizais o masculino non estea patrocinado por unha marca de desodorante que deixe pegada, nin o feminino por produtos de hixiene que converten o vermello en azul, nin haxa té con pastas, pero por que seguindo nesa liña non un debate de homosexuais, de persoas do rural, de redeiras, un no que todos poidan ter "o seu minuto" pero sempre evitando que os considerados actores secundarios, "o outro sexo", lles poidan facer sombra aos que pola súa condición de home e desde o androcentrismo se lles supón brillantes oradores e grandes xestores.

Non nos podemos resignar, os concellos estamos chamados a xogar un papel moi importante nesta revolución feminista; a Igualdade, a loita contra as violencias machistas ten que ser nosa política principal e ten que ser transversal.

Iniciativas como campañas contra a violencia machista, protocolos para establecer puntos informativos contra as violencias machistas, acordos con diferentes axentes para detectar, previr e reaccionar ante agresións machistas, servizos específicos e de calidade para a prevención e atención contra ás violencias machistas, dirixidos tanto a mulleres como a homes, ferramentas de apoio xurídico, psicolóxico e comunitario ás mulleres, recursos e servizos a homes que queren repensar a súa masculinidade, servizos de atención social e laboral a persoas que exerzan a prostitución, fomentar a participación política e social das mulleres, incorporar a mirada feminista e a equidade de xénero en todas as áreas e políticas do Concello, campañas de sensibilización contra ás violencias machistas e programas de promoción da igualdade de xénero nos centros escolares, convocar actos e premios que resalten a loita pola igualdade e a achega das mulleres á nosa sociedade, traballar con todos os axentes sociais (establecementos comerciais, clubs deportivos, anpas, centros educativos, ...) para previr os acosos e as agresións sexuais e sexistas, flexibilización horaria, programas de conciliación, a loita contra a feminización da pobreza, incorporación de cláusulas de xénero nos pregos de contratación para que as empresas adxudicatarias teñan plans de igualdade e igualdade salarial... son aspectos nos que se pode incidir na contratación desde os concellos, incrementar e primar o deporte feminino de base favorecendo a formación de equipos femininos ou doutras disciplinas minoritarias.

Medidas que cando afectan a estruturas económicas aínda atopan resistencias porque aínda que avanzamos considerablemente, aínda estamos inmersos nunha economía capitalista sustentada no patriarcado na que as mulleres seguimos facendo moitos traballos gratis, e do mesmo xeito cando falamos de horarios e remuneracións.

Se queremos unha sociedade mellor, máis igualitaria, máis próspera, non hai opción: a economía -do mesmo xeito que as políticas, sobre todo as municipalistas-teñen que adaptarse aos cambios. As políticas teñen que ser feministas e teñen que ser transversais, é o único xeito de acabar coas desigualdades.

Moito feito, tanto por facer

Por **Amalia Goldar**

Concelleira de Benestar Social e Igualdade do Concello da Estrada.

Dende o equipo de goberno municipal sempre fomos conscientes de que a administración local non pode quedar á marxe das políticas relacionadas coa muller. Tanto as que teñen que ver con acadar unha igualdade real entre mulleres e homes, como aquelas que loitan contra a violencia de xénero ou as que reinvindican o apoderamento feminino. Por iso tentamos dispensarlles un trato cercano e personalizado ás nosas mulleres centrado nestes tres puntos e adaptado ás singularidades dunha poboación de marcado carácter rural.

Neste senso, o Centro de Información á Muller (CIM) acumulou preto de 500 consultas ao longo do pasado ano prestando asesoría xurídica e psicolóxica a moitas mulleres vítimas de violencia de xénero ou a outras que se atopan nunha situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social.

No ámbito da igualdade de oportunidades, a Concellaría de Benestar que dirixo vén traballando dende fai cinco anos coas anpas dos centros educativos na promoción da igualdade e na prevención da violencia de xénero a idades temperás. A xuventude de hoxe é a sociedade igualitaria do futuro. Por iso alternamos estas accións formativas cara á mocidade con xornadas e charlas sobre igualdade e violencia sexista orientadas á poboación en xeral.

Por outra banda, o Concello, en colaboración con distintos colectivos e representantes sociais, leva oito anos promovendo o Premio Honorífico ao Labor das Mulleres. Un galardón que pon en valor a traxectoria daquelas mulleres que, a título persoal ou colectivamente, loitan por conseguir unha sociedade máis igualitaria e que nos permiten visibilizar o ánimo emprendedor da muller estradense.

Tense avanzado moito pero tamén queda moito por facer. Tanto en materia de recursos institucionais como en materia de igualdade social e laboral... Unha loita que precisa de autoestima pero tamén de determinación para que o excepcional se convirta en regra de uso común. Como sinalaba a poeta americana Emily Dickinson, ignoramos a nosa estatura ata que nos poñemos de pé.

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

Vivimos nunha sociedade que nos fai crer que vivimos en igualdade, pero iso non é máis que unha falacia

Por **Maica Ures García**

Concelleira de Igualdade e Benestar no Concello de Carballo.

Levamos tantos anos con unha venda de pseudoigualdade que non nos permite ver que as mulleres estamos relegadas sempre a un segundo plano, somos a cara B do disco de vinilo.

Crecemos pensando que vivimos nunha sociedade igualitaria, para nada máis lonxe da realidade; dende que nacemos como nenas e nenos somos "etiquetados" segundo os nosos xenitais. Esas etiquetas levan aparelladas unhas cargas moi pesadas que nos acompañan durante toda a vida.

Fomos educadas e educados nun sistema machista, somos socializados de maneira distinta.

Dende todas as canles de socialización (familia, escola, mass media, redes socias e grupos de iguais) recibimos de maneira constante e continua un bombardeo de mensaxes diferenciadas para nenas e nenos, e todas estas mensaxes perpetúan modelos tradicionais de masculinidade e feminidade.

As mensaxes que recibimos as nenas están relacionadas coa esfera privada, cos coidados, coa submisión, somos socializadas para a reprodución. En cambio a mensaxe que reciben os nenos está relacionada coa esfera pública e profesional, son socializados para a produción.

Durante o proceso de construción da nosa identidade como persoa, os nenos reciben a mensaxe de pertenza ao "sexo forte" que lles ofrece visibilidade, dominación e superioridade. O sistema outórgalles unha serie de privilexios polo simple feito de ser homes.

Pola outra banda, ás mulleres "constrúennos" como persoas coa idea de que pertencemos ao "sexo débil" e que debemos ser submisas e servís. Diferentes estudios indican que as nenas entre 0 e 6 anos xa empezan a interiorizar referencias negativas sobre si mesmas. O sistema patriarcal gravou a ferro en nós a crenza de que tiñamos capacidades inferiores, xa que a menstruación, o embarazo e o parto diminuían as nosas capacidades.

A educación que recibimos dende que nacemos normaliza e asocia a masculinidade coa violencia e coa esfera pública e a feminidade coa debilidade, a submisión e a esfera privada. Medramos sendo educadas e educados nun sistema patriarcal e asumimos os roles de xénero coa normalidade da tradición. Por iso somos, en ocasións, incapaces de ver que o machismo nos espoliou tanto as mulleres como aos homes.

Durante o tránsito á vida adulta, tanto mulleres como homes asumimos os roles de xénero que leva aparellado o sexo biolóxico. Todo o entorno é colaborador necesario para que isto sexa así. Non nacemos sabendo ser homes nin mulleres, as identidades de xénero son construcións sociais aprendidas nun sistema androcéntrico e baseado na heteronorma.

O machismo fagocítanos. Imprégnao todo, entra en nós, campa ás súas anchas polas sociedades. Normalizamos e asumimos no noso ideario estas pautas de conducta desiguais.

O machismo e os seus aliados loitan polo ansiado poder e dominio nas sociedades, conquistan cada vez máis esferas e cotas.

"Quen non se move, non sinte as cadeas"
Rosa Luxemburgo

A sociedade na que vivimos indúcenos ás mulleres a perpetuar os roles de xénero, posto que a nosa segunda pel está formada pola normalización dos micromachismos que nos inoculou a educación recibida. Por iso, é preciso que tanto mulleres como homes empecemos a crear unha nova construción social, na que a igualdade real sexa a súa espiña dorsal. A sociedade ten a obriga de educar nenas e nenos feministas, porque só dende unha educación igualitaria seremos quen de cambiar o sistema.

Algo temos avanzado xa nese camiño cara a igualdade real, máis aínda queda moito por facer.

Certo é que estamos empezando a tomar consciencia das desigualdades que sufrimos as mulleres de forma estrutural. Deixamos de normalizar conductas machistas que tanto tempo levamos aprendidas e comezamos a dotar ás nenas de recursos, ferramentas e referentes femininos para que constrúan unha sociedade máis xusta, para que recuperen o que o machismo lles leva roubado durante tantos séculos. Empoderámolas e empoderámonos. Pero... e os nenos? Eles seguen recibindo maioritariamente estímulos dunha educación machista, dunha estrutura patriarcal.

Para avanzar cara a igualdade debemos darlles recursos tanto ás nenas coma aos nenos para que sexan libres de tomar as súas propias decisións, debemos "desaprender" para aprender. A educación non pode seguir segregando a nenas e nenos. Aínda que mude a súa cara, segue a ser unha socialización diferenciada. Debemos educar nenas e nenos feministas. Temos que favorecer a coeducación e a co-responsabilidade. Temos que deixar que os nenos mostren os seus sentimentos, nenas e nenos choran por igual. Darlles referentes femininos, usar unha linguaxe inclusiva, ensinarlles a respectar, a non ser violentos. Mostrarlles que hai diferentes maneiras de ser home, que teñen o dereito e o deber de apearse do tren de privilexios no que viaxan, que deben e poden recuperar a súa intelixencia emocional, a súa esfera privada, que poden ser como queiran ser e non como a sociedade impón que teñen que ser. Só dende unha educación feminista para nenas e nenos conseguiremos unha sociedade xusta, máis libre e máis igualitaria. Como sociedade debemos buscar fórmulas e recursos para traballar en prevención, concienciación e sensibilización.

Só dende a transformación individual lograremos unha transformación colectiva.

Visita de Alfredo García (21 de agosto de 2019)

COXAPO, un modelo na xestión da auga

Esta solución para o rural naceu da vontade desinteresada dos locais que crearon pioneiras redes veciñais de abastecemento para aforrar gastos, tempo e esforzo.

COXAPO (Comunidade Xeral de Augas de Galicia) é unha organización sen ánimo de lucro creada para defender a auga de consumo rural e fomentar un uso sostible deste recurso. As trinta comunidades de usuarios que abastecen o municipio de Tomiño ofrecen unha visión ampla do abanico de necesidades, sendo moi diferente os sistemas e solucións para Vilachán do Monte (a localidade ubicada a maior altitude), dos de Forcadela-Tomiño (a máis grande do municipio).

A través dunha liña de axudas o concello de Tomiño financia proxectos de mellora na captación das augas e no seu almacenamento e potabilización. Estas axudas tamén serven para estender os sistemas de distribución e ten suposto outros investimentos para mellorar a transparencia da xestión e do estado das augas. En 2019, o concello subvencionou 30 comunidades de augas rurais con 50.000 euros que se investiron da seguinte maneira:

> 40.000 euros en mellora das infraestruturas e mantemento*

> 10.000 para a subvención ao 50% das analíticas básicas de augas.

* Cloradores, recubrimentos de depósitos, decantadores, cerres de mananciais e casetas. Tamén inverteuse en innovación como proxectos para eliminar o aluminio na auga.

Na concesión tivéronse en conta, por exemplo, o número de billas por usuario, se proporcionan auga a colexios, IES ou centros de maiores; a alta no SINAC (Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo) ou contar cun protocolo sanitario.

Con estas subvencións mellorouse o servizo de máis de 5.500 usuarios e usuarias.

O traballo feito polas comunidades de usuarios de auga deste territorio co apoio da Administración Local, é un exemplo de xestión dun ben tan importante como a auga, e de que outra forma de facer as cosas é posible. Neste modelo de autoxestión a auga é da veciñanza, os usuarios e usuarias das traídas son os responsables da súa xestión e están a colaborar economicamente na mellora e optimización das súas redes. Xestionan a auga dende a sostibilidade, a eficiencia e a cooperación. A conciencia ambiental e o grado de implicación tanto municipal como dos veciños e veciñas foi determinante nos resultados obtidos. A Comunidade ten a súa sede en Tomiño, pero a súa labor estendeuse en Galicia, España e o estranxeiro, organizando xornadas de formación e compartindo a súa experiencia. Hoxe, forman parte de COXAPO máis de 157 comunidades do rural que representan a máis de 73.000 usuarios.

As traídas veciñais teñen unha grande importancia a favor da sostibilidade, da permanencia das persoas no rural e na dinamización económica deste eido, abastecendo de auga a vivendas, pequenas explotacións agrícolas e gandeiras.

Youtubeir@s: conéctate a comunidade!

Youtubeir@s chega coa vontade de promover e visibilizar o uso do galego a través da rede social de vídeos máis grande do mercado dixital, YouTube, con vídeos de opinión e videotitoriais. Este proxecto pretende fomentar a creatividade con temas propios e xerar referentes en galego dun novo axente con gran repercusión e impacto social como son @s youtubeir@s.

Desta maneira é coma desde os Servizos de Normalización Lingüística dos concellos da Baña, Ames, Carballo, Cedeira, Moaña, Ourense, Pontevedra, Rianxo, Ribadeo, Santiago de Compostela, Teo e O Grove (o da Coruña e Mazaricos, na 1ª edición), das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e da Deputación da Coruña, bota a andar o **Proxecto youtubeiras** para encher a rede de contidos en galego.

Cando e como?

Hai xa catro anos, nun curso de verán da Universidade da Coruña. Estabamos traballando en lingua dedicado á mocidade, e reflexionamos sobre as novas formas de comunicármonos e mais de pasarmos o noso tempo de lecer, e aí apareceu a canle de YouTube, a máis coñecida hoxe en todo o mundo e con millóns de persoas usuarias.

Neste novo escenario de comunicación, onde está o galego e a nosa realidade? Que podiamos facer desde os Servizos de Normalización Lingüística dos concellos, a administración máis próxima á cidadanía e que ten a promoción da lingua como competencia propia?... E é aquí onde prende o xermolo do Proxecto youtubeir@s.

A fórmula escollida para levalo adiante é a dun proxecto colaborativo entre administracións. Como xa se viña facendo con éxito noutros proxectos como o *Apego,* para fomentar e mellorar a transmisión interxeracional do galego destinado a familias con crianzas de 0 a 6 anos e que chegou a ter trinta concellos implicados.

Esta forma de traballar desde os Servizos de Normalización Lingüística dos concellos, supón unha suma de esforzos técnicos e económicos que lle permite a administracións máis pequenas formar parte de grandes proxectos. Da xestión e produción do proxecto encárgase Illa Bufarda S.C.

Youtubeir@s concíbese como un proxecto que compila diversas accións e que todas elas buscan un obxectivo: **incrementar a presenza do galego nos vídeos de YouTube**. Dentro deste proxecto hai varias liñas de acción:

Premios youtubeir@s

Os premios Youtubeir@s teñen como finalidade incentivar a creación e difusión de vídeos así como a súa promoción e visibilidade a través da rede. A estes premios poden acceder todas as persoas que queiran, como requisito principal, ser maior de 14 anos e ter algo que contar na nosa lingua sen pasar dos cinco minutos.

Dúas grandes categorías: **vídeo-facermos** (vídeos que mostran saberes e procesos de elaboración a través de titoriais) e **vídeo-opinarmos** (exposición de opinións e valoracións sobre un tema de interese).

Ademais, outras catro que destacan a **creatividade, eficiencia comunicativa, calidade técnica** e **calidade lingüística**. Segundo a resposta do público fomos ampliando até termos, nesta terceira edición, tres premios máis: **á canle**, onde se valora a continuidade no tempo, ese vir para quedar e manter unha canle activa ao longo do tempo; **vídeo cantarmo**s vídeos musicais con versións, composicións orixinais, adaptacións ou coreografías e

por último a **#propostayoutubeira** onde a participación do público é moi importante e abre a posibilidade de dar a coñecer o que xa se está a facer na nosa lingua, outra das finalidades do proxecto.

En conxunto, Youtubeir@s reparte un total de 6.500 euros en galardóns, decididos todos por un xurado de recoñecido prestixio que outorgará o premio durante a gala dos Premios Youtubeir@s, no mes de novembro. As bases completas pódense consultar na web www.youtubeiras.gal.

Pero youtubeiras é moito máis:

Formación en liña, a través de titoriais feitos desde a propia organización e tamén con cursos presenciais dirixidos a toda a poboación. Dúas ofertas formativas, unha dirixida a persoas xa alfabetizadas dixitalmente e con coñecementos mínimos de informática e manexo dispositivos móbiles. E outra para persoas maiores de 50 anos e non familiarizado coa creación de contidos para YouTube nin coas novas tecnoloxías.

Outra vía de traballo aberta nesta edición e seguindo o lema **Conéctate á comunidade e multiplícate,** o Proxecto Youtubeir@s busca non só aumentar o número e a calidade de vídeos e persoas creadoras en galego, senón tamén fortalecer as conexións e as interrelacións da comunidade que producen contido no YouTube, dar visibilidade ao seu traballo de creación na rede en galego e fomentar o intercambio e o debate. Con esas metas, desenvolvemos dúas actividades. A primeira delas, *Lista de reprodución ao vivo,* no que diferentes youtubeir@s comparten a súa experiencia coas persoas asistentes que van cambiando dun para o outro como quen cambia de vídeo na Rede. A segunda, *Xornada para Youtubeir@s,* na que foi convocada a comunidade youtubeira galega para tecer redes e reflexionar sobre o panorama creativo a varios niveis (lingüístico, temático, creación de públicos).

Youtubeiras tamén tivo presenza en festivais e citas culturais de relevancia como o Carballo Interplay, o Culturgal, no MIC ou nos Premios Fouciño no seu afán de dar a coñecer o proxecto e mais as persoas creadoras.

Súmate á comunidade e multiplícate!

Desde o seus inicios xa son máis de 3.000 minutos de contido en galego incorporados á rede de YouTube, contribuímos coa galeguización do termo, a xente xa fala de youtubeiros e youtubeiras, e son moitas as temáticas presentadas, desde os vídeos didácticos creados pola propia organización do proxecto até os achegados polas persoas participantes: vídeos

de cociña, xardinería, consellos prácticos para levar unha vida saudable ... podemos destacar tamén o traballo de apoderamento das mulleres de San Sadurniño, a transmisión de saberes das Cousas do Choio, a provocación de Aquele-e, as recomendacións literarias de Nubes baixo ti ... e todas as achegas que se foron facendo nestas tres edicións e que se poden ver na canle de https://www.youtube.com/c/YoutubeiraseYoutubeiros.

O Proxecto youtubeiras levou o premio ao proxecto máis innovador na primeira edición dos Premios Mil primaveras (milprimaveras.gal) que ten como obxectivo principal a posta en valor e o fomento da lingua e a procura do seu uso e/ou prestixio, o que nos dá azos para seguir traballando nesta liña colaborativa e ir sumando apoios.

	2017	2018	2019
CATEGORÍA			
Nº inscricións	202	229	252
Vídeo-opinarmos	83	88	130
Vídeo-facermos	119	116	90
Canles	-	25	32
Vídeo-cantarmos	-	-	32
Minutos	808	916	
IDADES			
<18	28,60%	16%	10,8%
18-30	44,60%	31%	43,1%
30-50	17,30%	40%	33,8%
>50	9,5%	13%	12,3%
TIPOLOXÍA POBOACIONAL			
Rural	53	28	59
Vilego	53	106	107
Urbano	89	95	86

Canle youtubeiras e youtubeiros:
https://www.youtube.com/c/YoutubeiraseYoutubeiros

web: http://youtubeiras.gal/

facebook: https://www.facebook.com/youtubeiras

twitter: https://twitter.com/youtubeirxs

instagram: https://www.instagram.com/youtubeirxs/

20.

ACTUALIDADE NA REDE

A transformación dixital revoluciona, aquí tamén, o xeito de comunicar dos concellos coa veciñanza. Máis ferramentas, máis áxiles e máis eficientes pero tamén un lado escuro que hai que afrontar.

Comunicación dixital nos concellos

Pódese estruturar a comunicación coa veciñanza en dous grandes apartados. O primeiro consiste nunha administración atenta e en permanente escoita para recibir todo aquelo que as veciñas e veciños queiran comunicar e/ou tramitar e que se pode englobar na chamada administración electrónica. O segundo engloba todo aquelo que un concello está interesado en transmitir a veciños e veciñas. Neste segundo apartado ímonos deter neste artigo.

Case dende o principio da era dixital un concello dispuxo de dous grandes ferramentas: as webs corporativas e o correo electrónico. As webs foron mudando de páxinas estáticas con información concreta a páxinas dinámicas que cada día van adaptándose máis ao que o visitante demanda e á súa forma de navegar na rede, converténdose incluso en sedes electrónicas. O correo electrónico segue a ser útil, aínda que foron aparecendo outras ferramentas: SMS, aplicacións de mensaxería instantánea e sobre todo as redes sociais.

Ao respecto de estas últimas, son as que representan aquelas comunicacións sen destinatario concreto, aínda que si a perfís determinados: Facebook, Twitter, Instagram, YouTube, Vimeo e tantas e tantas outras. Cada unha ten as súas características concretas que as fai distintas das outras. Non vamos a entrar en explicar o seu funcionamento que seguro que todo o mundo domina, senón en enunciar unhas claves na súa utilización.

Temos que entender que si abrimos un perfil en calquera delas, temos que estar dispostos a mantelo activo. Se non é así é mellor non ter o perfil xa que o uso ocasional é percibido como unha mostra de descoñecemento, unha falla de profesionalidade e un oportunismo. O internauta activo é critico, gústalle dialogar e debater e é un hábil multiplicador da mensaxe, mais si se sinte ignorado o fará saber a un par de centenares de persoas cun só click de rato. Hai que ser sempre cordial, as mensaxes negativas son moi contraproducentes, así que as nosas mensaxes teñen que ser sempre positivas, sen enfrontamentos directos. Hai que ter claro tamén que estes medios son sempre complementarios non substitutivos.

Dentro do xeito de entender a Administración como transparente é moi importante ter sempre a disposición nos nosos medios programas sectoriais, actuacións, notas de prensa, etc. Resulta fundamental a recepción de ideas e tamén moi importante responder a todas as mensaxes. Hai pois que implementar a interactividade con mecanismos de participación. Temos que escoitar permanentemente na rede e elixir ben as ferramentas, xa que é mellor, como xa dixemos, unha presenza brillante en poucos medios, aqueles onde un se sinte cómodo, que unha mediocre en moitos. Temos que ser honestos, é dicir, que se non é o actor quen interactúa, por exemplo, a alcaldesa ou alcalde no é quen manexa a ferramenta, hai que facelo saber.

Hai que coñecer todos os foros, webs e blogs do noso ámbito onde poida ser importante a aportación das nosas ideas desde a contribución e participación nos mesmos, ou cando menos se non se participa si estar ao tanto do que se fala. Temos que fomentar a participación activa non só dos cargos electos no goberno e/ou oposición, máis tamén das persoas relevantes e de actualidade.

É moi importante, dentro do lado escuro que falabamos, atender ao dano que podan facer os haters (odiadores permanentes) ou as fake news (novas falsas con escuros intereses). Hai que neutralizar os ataques frontais e/ou persoais. En caso de conflito hai que buscar e amosar o apoio dos máis próximos, desmentir acusacións con datos contrastados, argumentar con contundencia e como último recurso ofrecerse a aclarar en persoa calquera dúbida.

Como complemento indicar que as frecuencias de publicación deben de ser as maiores posibles, emitindo os actores contido novo, en forma de comentarios breves sobre cuestións de actualidade, definindo a relación co seu entorno local. Ademais deben ser vistos compartindo contidos entre si e agregando comentarios positivos e de camaradería entre eles. As interlocucións deben facerse nun estilo próximo e persoal, evitando a sensación de estar dando un mitin nun bar, máis aproveitando que hai xente para comunicar as mensaxes.

En canto ás ferramentas de mensaxería, os SMS seguen a ser útiles para comunicados oficiais persoais e os WhatsApp deben ser utilizados con moito sentidiño. Utilizar aqueles grupos que solo permiten comunicación nun sentido e evitar os de charlas que, inevitablemente, sempre acaban mal e descontrolados.

Hai que facer mención ao concepto de Goberno aberto no que ten que ver cunha implantación da Democracia participativa en contraposición a unha Democracia representativa mal entendida. Trátase de implicar a toda a veciñanza na labor de goberno.

Hai que rematar xa, pero non sen facer mención a ferramentas multimedia. Descartadas as TV locais polo seu custo desproporcionado, non tanto as radios locais, resultan moi útiles as ferramentas que permiten ter un canal cós nosos vídeos de actos e/ou actuacións, tal e como ofrece YouTube.

Raúl Fernández Iglesias
Responsable TIC da Fegamp

Tropaverde, reciclar ten premio

Como xurdiu a iniciativa Tropaverde?

O actual modelo de desenvolvemento, baseado no consumo de recursos, é insostible e causa a produción de múltiples residuos. A falta de información e motivación ambiental na cidadanía provocan baixos índices de reciclaxe, repercutindo negativamente na calidade ambiental. Existen expresións comúns que moitos cidadáns empregan como escusa: "para que vou reciclar se non serve para nada? Se total... mestúrano todo no mesmo colector".

Na empresa Teimas Desenvolvemento, especialistas en TIC e residuos, quixemos solucionar esta falta de motivación e información cidadá no eido da reciclaxe.

Con este obxectivo, no ano 2015 naceu a plataforma www.tropaverde.org, unha iniciativa de fomento da reciclaxe que permite obter puntos por realizar accións medioambientalmente responsables, como reciclar en puntos limpos e centros socioculturais. Os puntos recibidos pódense trocar por recompensas e premios nos establecementos colaboradores da cidade.

Como describirían brevemente este proxecto?

O obxectivo da plataforma de gamificación Tropaverde é incentivar a responsabilidade ambiental na cidadanía mediante premios e descontos directos contribuíndo á redución dos residuos e optimizando a súa xestión para crear cidades máis sustentables. Mediante Tropaverde pódese consultar onde, cando e que levar aos puntos de recollida de residuos dun modo sinxelo.

Prodúcese un impulso no comercio local, unha gran aceptación por parte dos cidadáns, dos colaboradores e dos medios de comunicación, o que provoca unha mellora ambiental e social onde se implanta.

Tropaverde leva a cabo campañas de educación ambiental, informativas e de sensibilización e tamén accións puntuais como talleres, charlas e accións de rúa...

Que pasos teñen planeado tomar para incrementar o impacto da iniciativa?

A efectividade de Tropaverde foi posta en valor mediante o premio "Medio Ambiente Aproema" e o primeiro premio Ecoembes de "Mellor campaña de sensibilización das Administracións Públicas". Tamén en 2018 co premio Ciudad Sostenible na categoría de Xestión de Residuos, concedido pola Fundación Fórum Ambiental.

Pero o percorrido de Tropaverde non acaba aí, pois grazas á excelente acollida en Compostela, ao longo destes 4 anos sumáronse ao proxecto outros Concellos, como Vilagarcía, Porriño, Redondela, Santa Comba e Ames. Ademais en 2018 Tropaverde alcanzou unha dimensión europea ao ser seleccionado polo Concello de Santiago para o programa europeo URBACT.

Financiado conxuntamente pola Comisión Europea e os Estados Membros, URBACT facilita o intercambio e aprendizaxe de solucións para o desenvolvemento urbano sustentable. Grazas ao programa Urbact creouse unha rede de transferencia liderada polo Concello de Santiago e conformada por Budapest (Hungría), Demos Pavlou Mela (Grecia), Guimaraes (Portugal), Niza (Francia), e a Aglomeración de Opole (Polonia).

A implicación cidadá é fundamental para o éxito das políticas de reciclaxe. A plataforma de Tropaverde excede en Galicia os 6.500 usuarios, colabora con 450 establecementos e conta con 400.000 accións recompensadas por un total de 45.000 euros; unha comunidade da que non debería quedar ninguén fora. Ata entón Tropaverde seguirá buscando o compromiso de todos no coidado e protección dos espazos que habitamos, e premiando as accións ambientais responsables.

O xabaril e os concellos galegos

O pasado 29 de febreiro de 2020 rematou un periodo de emerxencia cinexética de case cinco meses para pór solución ó fenómeno invasivo do xabaril. Non se trata este dun asunto menor senon dun problema de primeira magnitude. Aos do tráfico (fálase de máis de cinco accidentes diarios nas estradas galegas) hai que engadir outros non menos importantes que veñen referidos aos danos no millo, nos prados e a súa incidencia no medio de vida dos agricultores e gandeiros, veciños dos concellos galegos, que traballan no sector primario da economía tan importante no PIB de Galicia.

Lembremos que a caza é unha competencia exclusiva das CC.AA, así consta na CE de 1978 e que Galicia aprobou a súa propia lei de caza o 13/2013, de 23 de decembro, modificada pola lei 28/2018, e conta co regulamento aprobado polo Decreto 284/2001. Resolución tras resolución, regulamentando as batidas, a Xunta de Galicia continua regulándoas e conta co primeiro mapa de xabaril encargado pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e coordinado polo Instituto Cinexético de Recursos. Non obstante non se dispón dun censo real destes animais.

Os concellos neste eido carecen de atribucións e mesmo non teñen información suficiente do que sucede no seu territorio. Vemos a lei 7/85, RBRL de 2 de abril, e a LASGA 5/1997 de 22 de xullo, e non atopamos referencias directas a esta materia. Algo que resulta sorprendente. Temos que dirixirnos ao art. 25.1. cando fala de: *"prestar los servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo"*; nos apartados do artigo 25.2. de: *b): Medio ambiente urbano...; no apartado g): Tráfico; no apartado l): Promoción do deportes; no apartado j) Protección da salubridade pública.*

Diante desta falta de competencias municipais, os Concellos non temos claro como actuar nalgunhas situacións, como sucede cando os xabaril acuden ás zonas urbanas ou periurbanas en busca de alimento, ao lixo por exemplo e de noite. Este papel insignificante que se atribúe ás entidades locais resulta cando menos chocante diante da dimensión do problema no que estamos incursos. Este feito impide que os concellos poidamos expresar a nosa posición neste problema ascendente. Nin sequera coñecemos a poboación real, os plans cinexéticos anuais, etc....

Nos últimos anos houbo unha redución substancial do número de explotacións gandeiras por un cúmulo de causas. O abandono do rural, o prezo do leite, a dinámica do mercado, os sobrecustes no alimento do gando pola falta de choiva e a perda de animais por lobos veñen a agravar a situación deste sector. Todo isto contribuíu á expansión do xabaril. Doutra banda tamén existe risco evidente de que chegue a peste africana (PPA) a Galicia, como sucedeu en Polonia; algún caso hai en Bélxica, levando a levantar un muro ou valado en Dinamarca. Debera estudarse a posible incidencia deste problema en enfermidades como a brucelose. Tamén cada vez hai maiores esixencias na seguridade alimentaria (control demandado na importación de alimentos sen procesar).

Cos danos que causan os xabarís, desde os concellos observamos dende hai bastantes anos que os gandeiros e agricultores reclaman continuamente que se lles abonen os danos causados por estes animais, compensacións que, cando se piden, tardan en exceso en chegar ou

non se reciben, queixándose, en suma, das escasas contías das mesmas, da lentitude ou da non actuación da administración. En apoio das reclamacións dos gandeiros e agricultores algúns concellos levan anos solicitando á Xunta de Galicia a adopción de medidas contra o xabaril, demandando a autorización de máis batidas e que se reduza a súa poboación, asistindo diariamente a protestas e a queixas das asociacións de gandeiros e de agricultores en defensa do seu medio de vida; pero iso, limítanse a instar, a pedir á administración autonómica que actúe.

Os que traballamos nos concellos temos claro que os danos prodúcense pola superpoboación do xabaril e que a situación se está a ir das mans. Sabemos que entre as solucións non cabe a alimentación disuasoria dos mesmos, nin a vacinación destes animais, e que deben pasar necesariamente pola redución substancial da poboación do xabaril.

Na defensa do medio ambiente, as asociacións ecoloxistas e animalistas avogan pola supervivencia do animal, defenden a alimentación disuasoria, buscan limitar o uso do plomo como munición nos montes galegos e por limitar as actividades de tecores e cazadores.

Como animal salvaxe, o xabaril nace e crece no monte cada día máis despoboado, en liberdade, e acude a zonas de carballeiras á busca de alimento máis verde, e ata os campos do millo, que representa o alimento natural, xunto coa pradería, das explotacións do sector vacún dos gandeiros. O xabaril cázase en xeral por grupos con rifle. A munición é a bala. Percorre cada días ata trinta ou máis quilómetros de distintos concellos ou provincias, algo que nos leva a falar de competencias de distintas administracións e non só da Comunidade Autónoma.

En outubro do ano pasado declarouse a **emerxencia cinexética temporal** para 33 concellos galegos das catro provincias, Deza, Terra Chá, Trives e A Coruña, nas que -previa comunicación- se puido cazar practicamente tódolos días nos concellos destas zonas ata o derradeiro 29 de febreiro. A Resolución de 27 de setembro deste ano da Dirección Xeral do Patrimonio Natural estableceu as condicións para a captura e caza destes animais, dividindo entre espazos cinexéticos (especiais e zonas libres de caza) e non cinexéticos, requisitos e outras condicións das mesmas. O término municipal de moitos concellos converteuse, pois, nun campo de batalla diario contra o xabaril. Foi unha situación excepcional para os seus veciños, de risco e na que se limitaron ou condicionaron outras actividades, como a busca de setas, o sendeirismo e as andainas, actividades deportivas. Finalizado este período queda por coñecer os resultados, analizalos e estudalos para determinar o grao de efectividade da dita emerxencia cinexética temporal, e decidir se fan falta outras medidas, como unha nova prórroga, ampliación de zonas, novas medidas, etc...

Todo isto se está a producir sen que os concellos poidan dicir nin sexan parte de nada salvo o xa visto: que deben colaborar na información, na prevención, na limpeza e na xestión da biomasa dos montes, porque esta é unha das razóns da superpoboación do xabaril.

A saída desta situación pasa por reducir significativamente a poboación de xabarís a niveis controlables dende o punto de vista sanitario o antes posible e cunha previsión asumible dos posibles danos que causen ás explotacións. Para este fin, contouse sempre cos tecores e coas sociedades de caza. Pero estas organizacións actúan voluntariamente desempeñando unha actividade deportiva e non teñen a obriga legal de facelo. O tempo ten sobradamente demostrado que a súa colaboración non foi suficiente para controlar a poboación deste animal.

A Xunta de Galicia deberá acometer xa con medios propios o control da poboación deste animal. Para elo debera proceder a incrementar a consignación de cantidades axeitadas nos orzamentos anuais para este fin, axilizar e abonar as indemnizacións o antes posible polos danos causados aos gandeiros e agricultores. Ademáis, a solución debe recoller o aumento da colaboración entre os agrogandeiros e os cazadores, a redución do número de membros das cuadrillas, as opcións para capturar con xaulas estes animais, a información e o incremento da participación dos concellos en moitos eidos, polo menos na elaboración e na execución dos plans cinexéticos anuais e habilitar procedementos de actuación nos cascos urbanos contra estes animais distintos do arco e a frecha. Os concellos teñen que participar máis, xa que son parte interesada en todos, absolutamente en todos os problemas que xurden no seu término municipal.

César López Arribas
Secretario Xeral do Concello de Lalín

O Fondo Galego de Cooperación renova a Comisión Executiva

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade abriu o novo ciclo 2019-2023 cunha Asemblea Xeral na que se aprobou por unanimidade a composición da nova Comisión Executiva. O Concello de Nigrán renova a Presidencia na persoa do alcalde, Juan González, mentres que a Vicepresidencia será para a concelleira de San Sadurniño Ana Breixo e a Tesourería para o concelleiro de Cartelle Daniel Fernández Carril.

As vogalías corresponden aos concellos de Oleiros, Santiago de Compostela, Ames, Moraña e Deputación de Lugo, concretamente nas figuras das edís Marga Figueroa, Milagros Castro, Luísa Feijóo, a alcaldesa Luisa Piñeiro e a deputada María Loureiro, respectivamente. A Secretaría continuará exercéndoa o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi), impulsor da iniciativa nos anos 90.

Representantes duns corenta concellos participaron na Asemblea Xeral celebrada na Cidade da Cultura, que se abriu cun balance do período 2015-2019 por parte do seu presidente. Juan González expresou que o mandato se focalizou en catro puntos: impulsar o incremento da base asociativa e a súa participación activa na vida orgánica da asociación, realzar o papel do Fondo Galego como entidade de prestixio e recoñecemento no sector da cooperación, garantir a transparencia na xestión e mais difundir e implementar o no eido municipal os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, fixados pola ONU.

Nesta última liña de traballo encádrase precisamente o último 'Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía: os municipios, pezas clave do desenvolvemento' celebrado en novembro na EGAP. Representantes de Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, Cabo Verde e mais São Tomé e Príncipe participaron no encontro organizado co apoio da Xunta de Galicia, que tiña como finalidade achegarlle a realidade dos países de fala portuguesa aos municipios galegos e, ao tempo, reflexionar sobre as relevantes achegas dos gobernos locais á materialización da Axenda 2030.

Máis de 80 persoas asistiron ás xornadas, que culminaron cos primeiros pasos para a creación da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS. No entanto, o evento arrincou cun discurso de María Cupane, voceira da Rede Mozambicana de Mulleres Autarcas, quen chamou a "redobrar esforzos para lograr os ODS" e salientou a necesidade de "acadar a igualdade de xénero no liderado político", unha reivindicación que estivo moi presente nos dous días de debate, ao igual que a busca de solucións locais a problemas globais.

As asociacións nacionais de municipios de Mozambique e Cabo Verde, gobernos da rexión guineana de Cacheu e de Príncipe ou da provincia angolana de Benguela, a Unión de Cidades Capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA), o Frente Nacional de Perfeitos (Brasil) ou a Rede Intermunicipal de Cooperación ao Desenvolvemento (Portugal) foron algunhas das entidades convidadas. Canda elas, concellos coma os de San Sadurniño e As Pontes, a Coordinadora Galega de ONGD, CETMAR, CEIDA ou a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE pasaron polas diferentes mesas redondas. Ademais, os alcaldes de Ames e Tarrafal (Cabo Verde) aproveitaron para renovar o seu programa de cooperación técnica. O evento clausurouse coa lectura da declaración "Solidariedade alén da lingua".

Asinado: **Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

25.

AO COMPÁS

A cantiga ao amor tentador, escorregadizo... imposible

Segundo a quinta, haberá quen coñeza este poema pola canción de Luis Emilio Batallán e quen pola versión de Xoel López. E non foron os únicos en pór música a estes versos de Álvaro Cunqueiro; pódense escoitar tamén da voz de Carla Romalde, Amancio Prada, Milladoiro ou Eladio y Los Seres Queridos, entre outros. Alén do éxito do tema, a musicalización do "No niño novo do vento" deixou un episodio que amosa ben o talante de Álvaro Cunqueiro.

Luis Emilio Batallán, cantou no seu primeiro disco "Quen puidera namorala" acadando medio millón de ventas e converténdose no disco en galego máis vendido. O cantante empregara a letra sen o consentimento de Cunqueiro, quen lle fixo saber que tiña un gran anoxo mais non puxo denuncia. Habendo moito diñeiro de por medio, Batallán falou co escritor para chegar a un acordo e cobrar ámbolos dous os dereitos xerados pola cantiga. Non foi difícil; o único sobre o que non se puxeron de acordo naquela conversa foi a orixe do apelido Batallán; Cunqueiro teimaba que era armenio...

E que algo que caracterizaba ó periodista, escritor e poeta de Mondoñedo era a persistencia. Cunqueiro dicía que todo escritor tiña que ter paciencia. Rexeitaba a idea da inspiración, as musas... todo estaba no traballo. Coidaba cás obras son lembranzas, coñecementos, sentimentos, etc. amoreados na persoa e que van saíndo.

Costa casar crenzas tales, firmes e racionais, con poemas saídos do seu puño como "No niño novo do vento". ¡Canta xente haberá cantado/ dito/pensado ese "quen puidera namorala!" con alguén na mente! Pero entón ¿tiña esa pomba dourada de Álvaro Cunqueiro nome e apelidos? Cunqueiro adicou esta cantiga o seu amigo Luis Seoane, pero a persoa da que fala (se é alguén) non saíu á luz. A interpretación máis coñecida é que estes versos falan do amor tan forte como fugaz, ese que non se pode apresar como non se pode apresar a unha pomba, dun sentir da mocidade, da xuventude dunha flor ou unha recentemente casada, intenso pero difuso e sempre aí, como unha sombra...

"No niño novo do vento" forma parte do segundo poemario de Álvaro Cunqueiro: *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933), unha obra á que o autor tiña especial agarimo porque escribiuna coa métrica e as formas da poesía galega medieval, grande descoñecida até ese intre. De feito, Cunqueiro é considerado o derradeiro gran trobador, o mestre do neotrobadorismo. Era experto en mergullar nos clásicos e traelos á actualidade, rachar calquera barreira de xénero literario, forma, lingua... para crear o seu propio universo literario cunha grande pegada celta e galego-portuguesa:

"Yo he sido siempre muy consciente de lo que hacía. Y aunque parezcan mis libros que a veces me apasiono, yo... he calculado con mucha frialdad, la dosis de fantasía, de imaginación, de libertad creadora, con el realismo, con el contrapunto realístico absolutamente necesario para que la fantasía se sostenga sobre esto. Que esto lleva a la monotonía en muchos casos... ya lo sé. Yo no lo aplico a mí porque no soy un gran escritor, aquella frase de Dino Luciatti que decía que todo gran escritor es espléndidamente monótono. Yo no me aplico ni el "grande" ni el "espléndidamente", pero sí que todo escritor es siempre monótono."(A.Cunqueiro)

A súa obra comeza de rapaz, ós dez anos, cunha novela do Oeste, Dáse a coñecer como poeta, chegando a escribir 5 libros, inda que é a súa figura como novelista a que marca una antes e un despois na súa prolífica e recoñecida carreira como narrador, dramaturgo e periodista. Foi membro da Real Academia Galega, Premio Nacional de la Critica, Premio Nadal e Premio Conde de Godó, e trala súa morte concedéronlle condecoracións como o Doutorado Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela, o Pedrón de Ouro do Patronato Rosalía de Castro e puxeron o seu nome ó Premio Nacional de Periodismo Gastronómico e ó Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais.

No niño novo do vento.
Álvaro Cunqueiro

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quen puidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en frauta de verde olivo.
Quen puidera namorala,
meu amigo!

Ten aires de flor recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quen puidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quen puidera namorala,
meu amigo!

#Todo Saldrá Bien

Estamos contigo

A VIOLENCIA DE XÉNERO PARÁMOLA UNIDAS

Se eres vítima de violencia de xénero, lembra:

016 INFORMACIÓN

112 EMERXENCIAS

682916136 APOIO

682508507 PSICOLÓXICO *(WhatsApp)*

#ESTE VIRUS LO PARAMOS UNIDOS

016

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE IGUALDAD · SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDAD Y CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO · DELEGACIÓN DEL GOBIERNO CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO